

Breve historia da lingua galega

1. Cando os romanos conquistaron a Península Ibérica o latín converteuse na lingua deste territorio, mesturándose coas linguas xa existentes (no caso galego, as celtas).
2. Froito desta mestura naceron as diferentes linguas derivadas do latín (romances ou románicas), entre elas o galego-portugués.
3. Durante a Idade Media o galego-portugués viviu unha época de esplendor e prestixio, escribíndose milleiros de cantigas nesta lingua.
4. Portugal converteuse nun reino independente e o galego e o portugués tamén comezaron a diferenciarse, dando lugar a dúas linguas diferentes.
5. O portugués continuou sendo unha lingua forte, mentres que o galego foi debilitándose cada vez máis pola chegada do castelán, que se consolidou como a lingua de poder do territorio galego.
6. Durante os coñecidos como Séculos Escuros (XVI, XVII, XVIII) o galego deixou de utilizar de xeito formal e escrito.
7. No s. XIX produciuse o Rexurdimento da lingua e da literatura galega. Volveuse a escribir neste idioma grazas a figuras como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
8. A partir do século XX o galego pasou por diferentes etapas. No primeiro terzo continuou a súa recuperación, pero coa Guerra Civil e a ditadura franquista volver unha época de escuridade. Coa chegada da democracia, comezou de novo un proceso de recuperar e dar prestixio á lingua galega que continúa ata a actualidade.